

Acta da Asambleia Xeral

29 de maio de 2024

Lugar: Hotel Santiago Apóstol (Costa San Marcos 1-Santiago de Compostela)

Hora: 19:30 h sesión ordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Memoria e contas 2023.
- 3.- Calendarios e normativas
- 5.- Informe do Centro Galego de Tecnificación
- 4.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

- AD Fogar da Xuventude- Gustavo Álvarez Nogueira
- Cidade de Lugo Fluvial- Adrián Vázquez Fernández
- Club Triatlón Ferrol - (Delegación Silvia Álvarez Vieito)
- Club Triatlón Santiago - Paloma Herbello Hermelo
- Club Triatlón Rias Baixas- Enrique Hernández Moldes
- Club Olímpico de Vedra – Isabel Lobato López

ESTAMENTO DEPORTISTAS

Pablo Cabanelas Eiras

ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña*

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro*

Javier Ángel Vázquez Orejas

Asiste Juan Carlos Ageitos Romero (Delegado Comarca Santiago Xunta Directiva) sen voz nin voto. Asiste a petición do presidente para apoio do punto contable D. María Teresa Vila Bermúdez (Asesoría Contable e Laboral).

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Iniciase a sesión ás 20:00 h en segunda convocatoria ao non haber quorum na primeira.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta coa anterior subsanación

Votos a favor- 10

Votos en contra-0

Abstencións- 0



2.- Memoria e contas 2023.

O presidente introduce á asesora María Teresa Vila e dalle a palabra para expoñer as contas que xa foron enviadas en tempo e forma aos assembleístas.

A Asesora fai a manifestación do cambio de contabilidade de cara a axustar as contas ao plan de federacións. Indica que hai partidas que tivo que adaptar xa que ela comezou no segundo trimestre e tivo que conciliar todo. Explica que o beneficio de 26.504,22 euros non significa que sobran en caixa, é un resultado contable alimentado de ingresos, gastos e imputacións a resultados. Hai 8.000 euros de anos anteriores que houbo que repercutir por amortización pero non xeraron unha corrente monetaria. Expón o resto das contas por grupo de gasto, vinculado á parte deportiva facendo referencia á memoria que nesta tempada ven vinculada ás partidas coa utilización do plan de federacións.

Infórmase que publicou a resolución da auditoría de contas para as federación e da posibilidade de que haxa que modificar no seu momento a petición da empresa calquera detalle. Autorízase ao presidente a formular as mesmas.

Procédese á votación das contas e memoria (anéxanse) quedando aprobadas por unanimidade

Votos a favor- 10
Votos en contra-0
Abstencións- 0

3.- Calendarios e normativas 2024-

Procédese á exposición das modificacións do calendario aprobado en Comisión Delegada de 24 de marzo.

- 7 xullo- XXXV Tríatlon do Miño- Proba do Circuito de Tríatlon de Estrada
- 14 de xullo- Tríatlón Cidade de A Coruña- Tríatlon de Menores (BX/AL/IN) e Súper Sprint (CD/XV/JN)- CANCELÁSE a proba de circuito de estrada e inclúese a posibilidade dun tríatlón popular..
- 1 de xuño- Tríatlon Cidade de Vigo- CANCELÁSE a proba de circuito e queda só o Tríatlon de Menores e Súper Sprint (CD/XV/JN) que organizará o CT Mar de Vigo dentro do evento.

Procédese á votación
Votos a favor- 10
Votos en contra-0
Abstencións- 0

4.- Informe do CGTD.

- O presidente informa á Asemblea Xeral dos acontecementos dos últimos meses no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra e co persoal federativo. Comunica que se tivo que resolver, de acordo ao protocolo establecido, unha denuncia de acoso laboral entre traballadores cuxo caso foi arquivado por non ter probas concluíntes.

- Paralelamente ao feito anterior recibíronse informacións de feitos e situacións de incumprimento das obrigas laborais do traballador Omar González Sampedro, e detectáronse feitos probados de gravidade constitutivos de sanción disciplinaria,



procedéndose á apertura de expediente disciplinario e solicitando as alegacións do traballador. Na medida en que as alegacións en ningún caso constituíron probas que contradigan os feitos expostos no expediente procedeuse ao seu despido disciplinario por parte do presidente de acordo á potestade que lle outorgan os nosos estatutos. Informa aos presentes que acabamos de recibir a citación para conciliación no 13 de xuño e que a previsión a futuro é manter polo momento a plantilla xa que considera que o Director Deportivo e o outro adestrador poden asumir o volume de deportistas.

4.- Rogos e preguntas:

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 21:20 h. do 29 de maio.

VºBº


Asdo. A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MARATÓN

Rúa Castelao 21, e
27001 Lugo || 982
N.I.F. V35705
Asdo. O presidente
Javier Campos Peña



Faint, illegible text at the top of the page, possibly bleed-through from the reverse side.

Faint, illegible text centered on the page.

Faint, illegible text centered on the page.

Faint, illegible text centered on the page.

Faint, illegible text centered on the page.

Faint, illegible text centered on the page.

